

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTINUACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPROGRAFÍA. EXPTE. CONTRAT/REPROGR/2019

EXPEDIENTE:2020/G003/000134

Mediante a Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 decretouse a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos tramitados polas entidades integrantes do sector público. Deste xeito, a súa reanudación quedaba condicionada á perda de vixencia da norma.

Unha vez completado o expediente e examinados todos os informes técnicos, con data do 18 de marzo do 2020, mediante a Resolución nº91/2020 adxudicouse provisionalmente o contrato do servizo de reprografía á entidade SCALENE GLOBAL S.L. co CIF.B70557327, quedando supeditada a súa efectividade ó levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos decretada polo Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo.

A Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-lei 17/2020, de 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ó sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-19, sinala que dende a súa entrada en vigor (6 de maio) e ós efectos previstos no apartado catro da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo, acórdase o levantamento da suspensión dos termos e a interrupción dos prazos dos procedementos de contratación promovidos por entidades pertencentes ó Sector Público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, sempre e cando a súa tramitación sexa realizada por medios electrónicos.

A tramitación do expediente de contratación de referencia tramitouse integramente por medios electrónicos a través da Plataforma de Contratación do Sector Público así coma da sede electrónica do Concello, polo que cúmprese co requisito sinalado na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto Lei 17/2020 do 5 de maio, para que este órgano de contratación leve a cabo os trámites que restan neste procedemento e proceda a adxudicación definitiva e formalización do contrato do servizo de reprografía.

No momento en que tivo lugar a declaración do estado de alarma, este procedemento atopábase na fase de adxudicación provisional, xa que xa se tiñan valoradas as ofertas segundo os informes técnicos aportados.

Tendo en conta o anteriormente exposto e en virtude das atribucións que a Lei de Contratos do Sector Público e resto de normativa vixente aplicable me confire,

RESOLVO,

PRIMEIRO.- Continuar o procedemento de contratación con número de expediente CONTRAT/REPROG/2019 para a licitación do servizo de reprografía.

SEGUNDO.- Requerir á entidade SCALENE GLOBAL S.L. co CIF B70557327 para que nun prazo de dez días hábiles presente a documentación á que se refire a cláusula 13 dos pregos de prescripcóns administrativas.

TERCEIRO.- Notificar esta resolución ás empresas licitadoras no procedemento antedito.

CUARTO.- Dar conta desta resolución ó Departamento de Contratación e de Secretaría - Intervención.

Asinado dixitalmente na marxe polo Alcalde, Secundino García Casal, do que como Secretaria - Interventora accidental, certifica Mónica Cebreiro Caneiro.